

A Xunta descarta que as bonecas 'falen' en galego pola 'fría receptividade' da industria

AGENCIAS - 29-03-2008

As bonecas non falarán en galego, polo menos a curto prazo, segundo dixo onte no Parlamento a secretaria xeral de Política Lingüística (PSOE), Marisol López, respostando a unha pregunta do deputado do BNG Bieito Lobeira. A razón estriba na 'fría receptividade por parte da industria xogueteira', que reclama a venda dun determinado número de xoguetes para asumir a petición. Lobeira apuntou que a resposta amosa unha discriminación hacia Galicia, xa que as bonecas sí que falan en castelán e catalán.

A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, descartou onte que os bonecos 'falen en galego' a curto prazo debido á 'receptividade fría' da industria por un motivo de 'tipo económico', xa que esixe garantías 'de que se vai facer unha compra importante' deste tipo de xoguetes.

En resposta a unha pregunta oral do Grupo do BNG na Comisión de Educación e Cultura, a secretaria xeral recalcou que 'a curto prazo non se ve un cambio importante na situación' e trasladou a 'dificultade de intervención pública' no sector ante a 'esixencia' dos fabricantes de 'garantir se en Galicia se vai facer unha compra dun número importante de bonecas'.

'E algo que un poder público non pode garantir', aseverou Marisol López, que precisou que 'a Secretaría Xeral non pode comprar bonecas'. Así, indicou que fai ano e medio o seu departamento iniciou contactos con empresas xogueteiras para 'transmitir o interese de que as bonecas falen galego'.

Neste sentido, a secretaria xeral de Política Lingüística mostrou a disposición da Xunta a 'seguir mantendo contactos' coa industria para 'trasladar de modo insistente as inquiredanzas ante a súa postura ríxida'. Deste modo, avogou por 'estimular a creación de nova demanda e incidir nunha maior sensibilización da oferta'.

Así mesmo, López destacou que, no marco do traballo do Goberno galego para promover o uso do galego, a principios do mes de abril será presentada a versión en galego do sistema operativo 'Windows Vista' e o programa informático 'Office 2007', con corrector en galego. Tamén comentou que 'está a punto de saír' o corrector en galego para o sistema operativo Macintosh de Apple co obxectivo de responder a 'unha necesidade urxente para a cidadanía que usa Mac'.

Galeguización

O deputado nacionalista Bieito Lobeira reivindicou a galeguización dos xoguetes xa que, ao seu xuízo, a infancia 'está necesitada de iniciativas normaliza doras'. '¿Por que razón os bonecos non poden falar en galego? ¿Por que os filmes infantís non se poden escoitar en galego? ¿Peter Pan naceu en Alcorcón ou Bambi criouse en Almería con outros cervos?', preguntou e matizou que si se dispoñen de versións en inglés e catalán.

Tamén rexeitou a actitude 'dalgún deputado' por non usar a lingua galega no Parlamento. 'Shin Chan non ten problema para falar galego pero algún deputado ten problemas para facelo', espetou e recordou que 'algúns din que o español está perseguido en Galicia'. Tras as intervencións, o deputado popular Ignacio López Chaves pediu a palabra para recordar que, segundo o regulamento da Cámara autonómica, está permitido o uso de ambas as dúas linguas no

A secretaria xeral incidiu no traballo que desempeña o seu departamento para fomentar o uso do galego entre o público máis novo e avanzou que a Secretaría Xeral de Política Lingüística contratou para este ano a publicación e distribución de catro DVDs, dous de Doraemon e outros dous de Shin Chan. Ademais, indicou que non descarta ampliar a oferta a un público de idade maior.

Nesta liña, sinalou que, ademais de promover a lectura en galego e as cancións de berce, entre outras, o seu departamento traballa para que 'a final de ano' haxa máis modelos de móbiles 'en galego', para o que manteñen contactos coas operadoras de móbiles. Con todo, subliñou que 'o galego está a gañar novos espazos' e trasladou a intención de que continuar 'coas liñas actuais abertas' porque 'son as máis eficaces'.

Fuente:

<http://www.laregion.es/>

*Para reutilizar esta noticia por favor consulta el punto 3 de las [Condiciones de uso](#) del sitio web.
No se permite la reutilización de noticias de agencias.*